

Topónimos 2º avaliación: FONTEFRÍA-POIO

1. Fontefría

: de FONTEM+FRIGIDAM, ‘fonte de auga fresca’ou ‘fonte que refresca’.
Hidrotopónimo

2. Fontoira

de FONTEM+AUREAM, ‘fonte de ouro’, seguramente pola calidade da súa auga amarela ou ferruxinosa. Hidrotopónimo.

3. Foz

do latín vulgar FOCEM, que en latín literario era FAUCEM, gorxa, paso estreito, fauces. Lugar por onde un río desemboca no mar, tamén é un paso estreito entre montañas.

4. Frades

de FRATRES ‘irmáns’, seguramente monxes, frades.

5. Lavacolla

de LAVA COLEA, ‘lava testículos’. Nome tamén do río onde os peregrinos se purificaban antes de se achegar ó Apóstolo, tomado erroneamente polos redactores do Códice Calixtino, ‘Lava mentula’ (MENTULA eufemismo de COLEA). O profesor Díaz entendeu que aquí non se dá un topónimo de verdade senón unha tradución. En realidade habería que pensar en *NAVA+COLLA< *nava: ‘depresión pola que corre un río’, val húmido (Relacionar con NAVIA, NABAL, NABALLOS). O segundo elemento sería discutible, quizais a partir dunha raíz *kel, ‘altura’ (Ver ‘celsus’), que nos levaría a COLLIS, outeiro.

6. León

de LEGIONEM por ser onde estaba emprazada a *Legio Septima Gemina*.

7. Louredo

de LAURUM+sufixo -ETUM (>-edo) (sufixo abundancial), onde hai loureiros. Fitotopónimo abundancial.

8. Lugo

de LUCUS AUGUSTI: ‘o bosque sagrado de Augusto’.

9. Maceda

Topónimos 2º avaliación: FONTEFRÍA-POIO

de MATT(IANAM)+ sufixo -ETAM (>-eda) (sufixo abundancial), (lat.vul. MATTIANA: maceira) lugar onde abundan as maceiras, (cfr. MANZANEDA). Fitotopónimo.

10. Mérida

de EMERITAM AUGUSTAM, cidade fundada por Augusto e poboada con soldados eméritos ou licenciados.

11. Milladoiro

de HUMILIATORIUM: lugar onde os peregrinos ó ver Compostela axeonllábanse para dar grazas a deus; ou de AD-MILIATORIUM: lugar onde os peregrinos botaban unha pedra que traían consigo, formando unha morea de pedras (ou milladoiro).

12. Mondoñedo

do latín medieval MINDUNIETUM (o topónimo actual procede de San Martín de Mondoñedo, onde tiñan a sé os bispos mindonienses ou dumenses, que eran unha especie de extensión dos de Dumio, preto de Braga).

13. Monforte

de MONTEM+FORTEM (<*dher >firmis), ‘monte fortificado, sólido’.

14. Oleiros

de AULULAM (>OLA), ‘ola’ + ARIUM (sufixo abundancial): lugar onde hai fabricantes de olas de barro, oleiros.

15. Ortigueira

de URTICAM+ ARIAM (sufixo abundancial): lugar onde hai ortigas. Fitotopónimo con sentido abundancial.

16. Orxal

de HORDEUM: ‘cebada’, ‘orxo’, coma Castro Urdiales, se cadra Ordes. Fai referencia a zonas onde se cultivaba cebada.

17. Oseira

de URSUM, ‘oso’+ARIUM (suf. Abundancial): lat. vulg.: ossum: lugar onde hai osos. Zootopónimo con sentido abundancial.

18. Ourantes

Topónimos 2º avaliación: FONTEFRÍA-POIO

dunha raíz preindeuropea *or-r/*ur-r, ‘outeiro’, altura, monte ou val entre montes. Hai quen propón *Aur + ánt + is. Se Aur- pode ter que ver coa raíz *Aus-, daríamos cun rotacismo típico latino. Relacionar con BARRANTES, CERVANTES, CESANTES, etc.

19. *Ourense*

de (VILA) AURIENSE (VILLA+ AURUM+ ENSE (Sufixo abundancial): o resultado da evolución ó galego resulta un cultismo ou semicultismo. O topónimo que fai relación a unha explotación de ouro (AURUM) ou territorio rico en ouro. Ver tamén OURÉS, resultado patrimonial.

20. *Outeiro*

de ALTARIUM, lugar elevado ou rocha alta.

21. *Padrón*

de PETRONEM(< PETRAM), a pedra onde se amarróu a barco do apóstolo Santiago.

22. *Pedrafita*

de PETRAM+FICTAM: ‘pedra cravada’, miliario ou monumento megalítico, consistente nunha gran pedra colocada verticalmente. Utilizouse como divisoria de concellos.

23. *Peñalba*

de PINNAM, ‘cumio’ + raíz * alb-, preindoeuropeo co significado de ‘altura’.

24. *Pereira*

de PIRUM+ARIUM: pera, lugar onde hai pereiras. Ou podería vir tamén de PETRARIAM: ‘lugar pedregoso’.

25. *Poio*

de PODIUM: ‘altura’, montículo; fai referencia a un lugar elevado con boas vistas.
